

[- IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL - IV.2 MUNICIPAL - CAMARIÑAS](#)

EDICTO Pág. 5254 Reg. 5803-x.

Edictos exposición textos íntegros de regulamentos

Elevado a definitivo o acordo Plenario de data 28-02-2004 polo que se aproba inicialmente o regulamento que regula a creación, organización e funcionamento do rexistro de parellas de feito, ó non terse presentado durante o período de exposición ó público reclamacións contra o mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, publícase o texto íntegro do Regulamento, anexo ó presente edicto:

REGULAMENTO PARA A ORGANIZACIÓN E FUNICIONAMETO DO REXISTRO DE PARELLAS DE FEITO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS.-

Artigo 1º

Créase o rexistro municipal de parellas de feito do Concello de camariñas, de carácter administrativo no que poderán inscribirse, de forma totalmente voluntaria, as unións non matrimoniais que convivan, con independencia da súa orientación sexual.-

Artigo 2º

Para solicitar a inscrición no rexistro será necesario cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de idade ou menor emancipado.
- b) Non estar ligado por vínculo matrimonial.
- c) Non figurar inscrito como membro doutra unión de feito non cancelada.
- d) Non ter parentesco en calquera grao en liña recta por consanguineidade ou adopción ou en liña lateral por consanguineidade ou adopción dentro do segundo grao.
- e) Non estar incapacitado xudicialmente.
- f) Ser residentes no termo municipal de Camariñas.

Artigo 3º

A fin de acreditar o cumprimento destes requisitos, deberán unir á solicitude de inscrición a seguinte documentación:

- a) Copia do D.N.I.
- b) Certificado do estado civil.
- c) Declaración de non ter relación de parentesco que impida a inscrición.
- d) Declaración de non estar incapacitado para emitir o consentimento necesario.

Artigo 4º

Os dous membros da unión estable deberán firmar a solicitude de inscrición e ésta levarase a cabo mediante comparecencia persoal e conxunta perante o funcionario encargado do rexistro, con declaración formal respecto da existencia da unión de convivencia.-

Artigo 5º

As unións estables producen efectos a partir da data da autorización do documento de referencia.-

Artigo 6º

As unións estables obxeto deste rexistro extingúense polas seguintes causas:

- a) De común acordo.
- b) Por decisión unilateral dun dos membros da parella, que será notificada fehacientemente ó outro.
- c) Por pasamento ou declaración de falecemento dun dos membros da parella.
- d) Por matrimonio dun dos membros.

Artigo 7º

O Rexistro municipal de parellas de feito estará a cargo da Secretaría Xeral do Concello.-

Artigo 8º

As inscricións realizaranse nun libro que estará formado por folios numerados e cuñados, legalizados con firma do secretario da Corporación e na primeira páxina figurará unha diligencia na que se fará constar o número de folios que contén e a data de apertura.-

O rexistro tamén terá un libro auxiliar ordeado polos apelidos das persoal inscrita no que se expresará o número de páxinas do libro- rexistro nas que existan anotacións que lles afecten.-

Artigo 9º

A publicidade do rexistro municipal de parellas de feito quedará limitada exclusivamente á expedición de certificacións dos seus asentos, a instancia de calquera dos membros da unión interesada ou dos xuíces ou tribunais de xustiza.-

Artigo 10º

No ámbito competencial deste Concello, tódalas unións non matrimoniais de convivencia inscritas no rexistro municipal de parellas de feito terán a mesma consideración jurídica e administrativa que as unións, sen obstáculo doutras formas de proba.-

Artigo 11º

As inscricións que se practiquen e as certificacións que se expidan serán gratuitas, agás ordenanza ou disposición ó contrario.-

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles contados a partir da recepción do acordo de aprobación pola Administración do Estado e da Xunta de Galicia.-

Camariñas, o 27 de maio de 2004

O ALCALDE ACCTAL.,

Asdo.: Sandra Insua Rial.-

Reg. 5803-x

